

Garcí
competirá
polo Oso de
Ouro na
Berlinale

O 'oscarizado' José Luis García, por parte española, e argentina Lucrecia Martel loitarán polos Osos do Festival de Cine de Berlín, que se presenta con poucas películas de Hollywood e unha nutrida representación asiática e que ademais exhibirá, fóra de concurso, o *Hannibal* de Ridley Scott.

O director da Berlinale, Moritz de Hadeln, despídese este ano do cargo como se quixera desquitarse dunha das acusacións que máis frecuentemente se lle dixiron en vinte anos de xestión: a súa propensión a 'trafar' o festival de produtos made in USA para asegurarse dese xeito unha suficiente proxección internacional.

A lista dos vinte e catro títulos a competición, presentada onte pola dirección do festival —que se celebra do 7 ó 18 de febreiro—, inclúe unicamente catro producións estadounidenses.

Iso si, a escasa selección norteamericana a concurso será suficiente para levar á capital xermana un desfile de rostros punteiros de Hollywood.

O Concello da
Coruña
recuperará o
Castro
de Nostrián

Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, e Juan Antonio Díaz-Ambrosio, director corporativo de Relacións Institucionais e Corporativas de Repsol, firmaron onte un convenio de colaboración para a recuperación do castro de Nostrián.

Posteriormente, o alcalde desprazouse ata a Estación Marítima para inaugurar xunto ó director xeral de Caixa Galicia, José Luis Méndez López, a exposición *La tierra vista desde el cielo* que recolle 150 fotografías de Yann Arthus-Bertrand e que está organizado pola Fundación Caixa Galicia, coa colaboración do Concello e Lunewerg Edicións. As imaxes que se poderán ver na exposición son o resultado dun traballo de investigación realizado durante dez anos ó redor de todo o mundo. Yann Arthus-Bertrand precisou 3.000 horas de voo en helicóptero e visitou 76 países para poder obter estas fotografías que conforman a exposición e que foron seleccionadas entre 100.000 tomas.

'Dinamitadores'

Galaxia presenta 'O vento do espírito', 'Castelao. Defensa e ilustración do idioma' e 'Castelao e os nacionalistas do interior'

Baixo *O vento do espírito*:

Carlos Fernández e dous títulos arredor do autor de Sempre en Galiza *Defensa e Ilustración do Idioma Galego* (Henrique Monteagudo) e *Castelao e os nacionalistas do interior* (Xavier Castro), a editorial Galaxia trouxo a Compostela os tres últimos títulos da colección *Ensaio*, que para o director da Editorial, Carlos Casares "debería supor, que non suporá, que este país tome en serio as cousas". Neste sentido, Casares considera que nos novos volumes de investigación é ensaio "hai dinamita suficiente para que se produza un debate fondo" e aventurando aínda máis o tamén presidente do Consello da Cultura Galega cre que rachan coas "análises pouco rigorosas que se fixeron sobre a historia do nacionalismo galego".

'Ensaiaando'

O historiador e filósofo Carlos Fernández realiza en *O vento do espírito* un ensaio sobre o ensaio ou de como este xénero participou nos cimentos do nacionalismo en Galicia. O autor, que fala da "perda de vigor tradicional do ensaio que nace con Mon-



Carlos Fernández, Xavier Castro e Henrique Monteagudo, onte na rúa do Vilar en Compostela

tagne", percorre o pensamento filosófico das correntes do galeguismo co ensaio de Risco, Ramón Piñeiro e os pensadores da xeración de Galaxia.

Pola súa parte, con *Castelao. Defensa e ilustración do idioma galego*, o filólogo Henrique Monteagudo céntrase na análise lingüística paseando polo

pensamento e a obra de Castelao no que dá conta fonda, entre outras achegas, da primeira conferencia en galego *Arte e galeguismo*. E xa fiando co título de Xavier Castro, no que a través de cartas, elabora o seu *Castelao e os galeguistas do interior*, Monteagudo fai referencia a que esta relación espisto-

lar foi tamén, e por primeira vez, en galego. Así Xavier Castro quere botar luz neste libro recompilación de cartas cruzadas que parten dos arquivos de Fernández del Riego, sobre as zonas escuras e altamente especulativas da historia do Partido Galeguista ou a actividade de Castelao no exilio nunha franxa tempo-

ral que abrangue do 1943 ó 1954, período no que se vivén, a través da correspondencia, episodios como a detención de Piñeiro, a política de alianzas do galeguismo ou as xestións para incluír a Castelao como ministro do goberno Giral.

SANTIAGO
AFA

Os portugueses de Seiva Trupe con 'A secreta obscenidade' en Compostela

A compañía portuguesa de teatro Seiva Trupe representará en Santiago a obra *A secreta obscenidade* de no marco da iniciativa "Camiños teatrais", que ten como obxectivo fomentar o intercambio de pezas deste xénero e crear un circuito de exhibición cultural entre Galicia e o Norte de Portugal.

A obra, protagonizada polos actores portugueses António Reis e Júlio Cardoso, poderá verse no Salón Teatro de Compostela desde hoxe ata o vindeiro domingo. *A secreta obscenidade*, que presenta a confrontación entre os personaxes históricos Sigmund Freud e Karl Marx, obtivo un grande éxito de público en Portugal.

Na presentación da peza teatral, que tivo lugar onte en Santiago, o xerente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musi-



Guede, esquerda, e Amado Rincón onte no Salón Teatro

cais (Igaem), Anibal Otero, asegurou que conseguir un marco de colaboración estable co Norte de Portugal é un asunto difí-

cil e complicado. Non obstante, indicou que este tipo de iniciativas que pretenden crear circuitos de exhibición cultural entre

ambolos dous lugares son un gran paso.

Pola súa parte, o director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, destacou a profesionalidade dos dous actores principais de *La secreta obscenidade* e apuntou que se trata dunhas persoas impresionantes na historia do teatro portugués dos últimos 40 anos.

Guede tamén recordou que iniciativas de colaboración cultural como "Camiños teatrais" teñen na actualidade unha "atmosfera favorable", algo que non existía hai varios anos, xa que faltaba unha maior sensibilidade respecto disto. Ademais, indicou que o proxecto desenvólvese entre Galicia e o Norte de Portugal se clausurará en Lisboa coa representación dunha peza teatral do escritor galego Salvador García Boda-

lo. O actor portugués de *La secreta obscenidade*, Júlio Cardoso, amosou a súa satisfacción porque o teatro galego sexa unha realidade "con identidade propia que busca "novos camiños, estéticas e filosofías". Ademais, indicou que a obra que escenificará en Compostela funcionará marabillosamente en Portugal e destacou especialmente a súa exitosa acollida entre o público universitario.

Así mesmo, António Reis, actor e director da compañía teatral Seiva Trupe, asegurou que o espectáculo portugués ten como obxectivo principal "procurar a diversión do público" a partir de dúas figuras históricas tan influentes como Freud e Marx.

SANTIAGO
E.F.